

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E A MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS DA COMARCA DE VERÍN PARA A EXECUCIÓN DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DO TURISMO NO XEODESTINO VERÍN-MONTERREI**

O xerente de Turismo de Galicia

**DECLARA:**

Que esta Axencia de Turismo de Galicia formalizou coa Mancomunidade de Municipios da Comarca de Verín o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2026.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e a Mancomunidade de Municipios da Comarca de Verín para a subvención de actividades relacionadas coa promoción, dinamización e fomento do turismo no xeodestino Verín-Monterrei que inclúe a realización das actuacións nas seguintes liñas de acción:

		ORZAMENTO	MÁXIMO ATG	ENTIDADE BENEFICIARIA
<b>LIÑA DE ACTUACIÓN A: PLANIFICACIÓN, CREACIÓN E CONSOLIDACIÓN DO PRODUCTO</b>				
<b>Actividade A.1</b>	Andainas interpretativas para a posta en valor do patrimonio etnográfico e natural	5.800,00€	4.640,00€	1.160,00€
<b>LIÑA DE ACTUACIÓN B: COMERCIALIZACIÓN, PROMOCIÓN E DIFUSIÓN DO PRODUCTO</b>				
<b>Actividade B1</b>	Deseño e produción de material expositivo para a participación en feiras e eventos turísticos	7.900,00€	6.320,00€	1.580,00€
<b>Actividade B2</b>	Material funxible en idiomas, mapa, flyers	1.900,00€	1.520,00€	380,00€
<b>Actividade B3</b>	Elaboración axenda anual eventos fixos do destino edición e impresión	1.900,00€	1.520,00€	380,00€
<b>LIÑA DE ACTUACIÓN C: FORMACIÓN</b>				
<b>Actividade C1</b>	Plan formativo enogastronomico dirixido ó empresariado (taller experiencias en adegas e formación maridaxes con	2.900,00€	2.320,00€	580,00€



	produtos DO e IXP)			
<b>LIÑA DE ACTUACIÓN D. NOVAS TECNOLOXÍAS APLICADAS AO TURISMO</b>				
<b>Actividade D.1</b>	Promoción de experiencias a través de medios audiovisuais mini vídeos, reels ...etc	4.800,00€	3.840,00€	960,00€
<b>LIÑA DE ACTUACIÓN E. SINALIZACIÓN E ACCESIBILIDADE AOS RECURSOS TURÍSTICOS</b>				
<b>Actividade E.1</b>	Sinalización miradoiros con soportes informativos	12.400,00€	9.920,00€	2.480,00€
<b>Actividade E.2</b>	Persoal técnico	1.400,00€	1.120,00€	280,00€
<b>TOTAL</b>		<b>39.000,00€</b>	<b>31.200,00€</b>	<b>7.800,00€</b>

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

**Primeiro.-** Que o artigo 148.1.18 da Constitución establece como competencias da Administración Xeral do Estado que poderán asumir as Comunidades Autónomas, a relativa á promoción e ordenación do turismo no seu ámbito territorial.

Que a Comunidade Autónoma de Galicia ten competencias, con carácter exclusivo, tal e como se desprende do contido do seu Estatuto de Autonomía, en materia de promoción e ordenación do turismo dentro da Comunidade (artigo 27.21).

Que a Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, ten como obxectivo, impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade.

Para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia, acomete no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas actividades que lle permiten acadar os seus obxectivos.

**Segundo.-** Que de conformidade co previsto no artigo 135 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, os concellos galegos terán dereito a asociarse en mancomunidades para a execución ou prestación en común de obras, servizos e actividades da súa competencia.



Que a Mancomunidade de Municipios da Comarca de Verín é unha entidade local non territorial integrada polos concellos de Cualedro, Oímbra, Vilardevós, Verín, Castrelo do Val, Laza e Monterrei.

Que o xeodestino Verín-Monterrei está composto polos concellos de Cualedro, Oímbra, Vilardevós, Verín, Castrelo do Val, Laza, Monterrei, O Riós, A Gudiña, A Mezquita, Vilariño de Conso e Viana do Bolo.

Non obstante, os concellos integrantes desta Mancomunidade son conscientes de que a marca turística que debe ser promocionada é a correspondente ao ámbito territorial do xeodestino Verín-Monterrei, polo que todos os concellos que integran o xeodestino serán beneficiarios dunha ou varias actividades enmarcadas neste convenio.

**Terceiro.-** Que co obxecto de promover o turismo no xeodestino Verín-Monterrei, as partes consideran esencial colaborar na execución deste convenio xa que se trata dunha acción de interese común, cofinanciada por ambas partes e con beneficios conxuntos. Todo isto englobase, ademais, no eido competencial da Axencia de Turismo de Galicia.

**Cuarto.-** Que a Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia ten entre as súas finalidades potenciar a oferta turística galega, a través de medidas de fomento que permitan modernizar e profesionalizar o sector turístico e as súas infraestruturas, e mellorar a calidade e a competitividade da oferta turística. Con esta finalidade regúlanse na devandita lei os xeodestinos.

A lei define, no seu artigo 23, como xeodestinos turísticos as áreas ou espazos xeográficos limítrofes que comparten unha homoxeneidade territorial baseada nos seus recursos turísticos naturais, patrimoniais e culturais, con capacidade para xerar fluxos turísticos e que, xunto á súa poboación, conforman unha identidade turística diferenciada e singular. Os xeodestinos terán un especial protagonismo nas accións de promoción turística da Administración autonómica. Poderán ser utilizados, tras a súa creación, tanto por entidades públicas como privadas, sempre dentro da marca turística global «Galicia» e sen que poidan empregarse como nome comercial, rótulo de establecementos ou vehículos e marcas de bens e servizos.

Na Estratexia de Turismo de Galicia 2030, de acordo coa liña estratéxica 6. *Gobernanza do destino*, concretamente no medida 6.4 *Cooperación pública e interadministrativa*, apoiarase a cooperación cos destinos supramunicipais a través de convenios específicos cos



xeodestinos. Considérase moi importante o papel da administración local no mantemento e a xestión do territorio, pola súa natureza e proximidade, polo que se desenvolverán convenios coas entidades locais para actuacións sobre temáticas específicas.

A través deste convenio, outórgase á Mancomunidade de Municipios da Comarca de Verín unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

